

IRIMIA



Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVII • Nº 995 - Do 17 ao 30 de setembro de 2018

**O señor
cura non
baila...**



A foto que fala

Selfie de tenrura (cortesía dun irimego colaborador).



O trasno Corazón e cerebro, ...porto seguro e plan

Daniel López Muñoz



Pasamos o verán encollidos coas historias de inmigración e refuxio. Porque non hai nada comparable, nada tan tremendo nos últimos tempos. Porque nos sentimos unha humanidade única e dóennos os ollos desas mulleres destemidas, deses homes asustados e deses cativos lindos. E porque nos indigna a utilización fascistoide que a “dereitísima” por Europa adiante -Suecia incluída-, fai do medo ao estraño e do odio ao pobre, para tocar poder, Deus nos colla confesados.

Non todo vale. Ninguén é ilegal e toda vida rescatada do mar e das ma-

“finais”? Do sentimentalismo á eficacia. Do moral ao económico. Necesitamos poñer esforzo, cartos, xente, materia gris, tempo en elaborar e implantar un plan de acollida merecente dese nome.

Coincido outra volta con Francisco, este vello e sabio patrón, tamén el cercado polo fascismo, na súa versión sotánica. Dícía volvendo de Dublín: *“Hai que acoller. É un principio moral. Pero é un acoller razoado. Deime de conta co atentado de Bélxica: eses rapaces eran belgas, fillos de migrantes, non integrados e “guetizados”. A*

fias libias fainos mellores persoas. E máis europeos, no bo sentido da palabra, se é que algún sentido decente lle queda.

Pero a guerra de titulares e demagogias non pode agachar o enorme desafío. Para toda Europa. Para todos e todas nós. Cómpre pasar dos “principios” aos

integración é a condición para acoller...”

O *top manta* non pode ser o plan. Porque ningún correcto gobernante de esquerda querría iso como o futuro imposto, non escollido, dos seus fillos e fillas. Tampouco a venda polo miúdo de haxix, ocupando os parques, de extrema a extrema, como vimos recentemente nunha capital europea “acolledora”. Nin que dicir dos prostíbulos. Iso non son futuros, son destinos fatais.

Un plan. Un plan galego, español, europeo. Tamén municipal. Con coordinación pública. Involucrar empresas e sindicatos, expertas e ONG, formadores e docentes, educadores e animadoras culturais, asociacións de barrios, comunidades de fe ou de loita ou de causas comúns, que máis ten. Temos vimbios para o cesto: centros de formación semibaleiros, campus sen alumnado, territorios sen xente, barrios sen futuro, oficios sen ofician-tes, parroquias avitaminadas sen estímulos...

“Eles e elas” teñen moito que nos dar. Pero hai que facerlles sitio e darlles boas ferramentas.

Editorial

O señor cura non baila?

Recentemente o teólogo estadounidense Massimo Faggioli, comentando o escándalo dos abusos sexuais cometidos por cregos contra menores en Pensilvania, falou de “colapso de credibilidade”. Esa expresión é moi clarificadora sobre o efecto que a sucesión de “asuntos” de natureza semellante teñen nos países laicos, con prensa libre e opinión pública. Hai unha Igrexa coa súa credibilidade colapsada. Francisco rema contracorrente, trata de escoitar e acompañar as vítimas e ten que afrontar manobras de descrédito dos sectores que precisamente máis trataron de agachar eses crimes.

En todo caso, a realidade é testana e o que viñamos reclamando historicamente desde Irimia e outros sectores ten que impoñerse. Porque pedir perdón non abonda hai que dar pasos importantes. Para que quede constancia de que aquel colapso de credibilidade é o dunha forma de ser Igrexa, pero que outras formas deberían ser posibles.

Porque pedir perdón non abonda cómpre dar pasos importantes

Está, evidentemente, o asunto do celibato opcional. Haberá quen defenda que o da pederastia non ten que ver co celibato obrigatorio, que é un comportamento que tamén se observa noutros sectores da sociedade, desde adestradores de ximnasia a profesores de música. E seguramente que hai algo de razón nesa maneira de pensar.

Pero precisamente porque a realidade é teimuda, unha e outra vez os célibes á forza vense enfrontados a situacións e denuncias que indican que ese sistema favorece certas cousas. E xa non falamos de crimes como a pederastia, senón de cousas tan naturais como atopar alguén na vida e namorarse, sen necesidade de escapar, agacharse ou sentirse culpable. O señor cura non baila, ou si, pero debería ser decisión súa, como ir ás troitas ou estudar historia. O que ten que ser é un bo cura, cunha sexualidade sa.

É o momento de explorar cambios. De establecer o celibato como algo voluntario e abrir a porta ao sacerdocio das mulleres. Aceptar que mulleres e homes casados poidan tamén ser animadores da comunidade e ministras e ministros da palabra e dos sacramentos.

Aire limpo, facer normal na Igrexa o que é normal na rúa. E facelo agora, porque, ademais, de hoxe en dez anos, cando os cregos que agora están nos 75-80 anos deixen de estar onde están, por razóns evidentes, como se vai organizar todo este asunto?

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Sempre hai que mirar para adiante e asumir novos retos. De feito iso é o que nos permite ir cara adiante. Imaxinades que todos tiveramos a seguridade de que o que está por vir é peor? Non asumiríamos proxectos innovadores. Imaxinade que non casáramos, que non comezáramos novos estudos, novos traballos... Así é que o veciño de arriba á esquerda desta sección vai ser por primeira vez titor no seu centro de ensino. Un compañeiro meu e irimego vai ser xefe de estudos. A esta revista fálta-lle pouco para fornecer o proxecto dixital e ter un formato mensual. Todo novidades. Que fermoso foi retornar a Sobrado! Un centro de espiritualidade que se



cadra temos un pouco esquecido. Un lugar de paz e de silencio. Quedo con mil detalles da Romaxe coma todos os anos pero se cadra o mellor para min foi sentir os silencios na celebración. Unha romaxe de silencio e de

berros. Unha romaxe que ten moito que berrar, moito que dicir, pero tamén pode estar en silencio. Abandonar o ruído é moi difícil. Pero se cadra é un novo reto. Comezamos de novo o curso agardando Vilalba.

1



3



2



4



A peneira

1

O Concello de Brión organiza o 23 de setembro a **FEIRA LABREGA**. Será na carballeira de Santa Minia e haberá postos de produtos agrícolas e artesáns, así como diversas actividades. Tamén servirá para presentar a iniciativa "Daquí Darredor", uns espazos colaborativos de transformación de alimentos caseiros que está a promover o concello, en colaboración coa Deputación da Coruña e o GDR Terras de Compostela.

2

Desde 2015 a industria dos **VIDEOXOGOS** é o sector cultural que máis recada en España: 1359 millóns de euros, máis do dobre do cine (602 millóns). En Galicia hai unhas vinte empresas dedicadas a este negocio que se están a mover para non quedar fóra do mercado. Nos últimos meses algunhas constituíron a Asociación Galega de Vídeo Xogos e Contidos Interactivos e outras puxeron en marcha o Centro Tecnolóxico Galego de Videoxogos. Desde comezos de setembro contamos tamén coa primeira revista na nosa lingua especializada en videoxogos: revistamorcego.com.

3

A tradición dos **CANTOS DE TABERNA** segue a recuperarse por todo o país e as convocatorias multiplícanse cada ano. Algunhas xa están consolidadas, como a de Pontevedra (na foto, o grupo Maravallada, un dos seus promotores) ou a de Mondoñedo, ambas con máis de media ducia de edicións. Outras están botando a andar, como a de Conxo, a de Pontedeume ou a do Caurel, que nos convoca o 29 de setembro na montaña luguesa para a súa segunda edición.

4

Na última fin de semana de setembro terá lugar en Zaragoza o **XXII Encontro de Mulleres e Teoloxía** e o **V Foro da Rede Miriam**. O título deste dobre congreso, no que haberá conferencias, faladoiros e máis dunha ducia de obradoiros, será **SALTO VITAL**. *Crentes e feministas. Novas perspectivas*. 18 mulleres representarán a Galicia nesta convocatoria que ten á asociación Exeria-Mulleres Cristiás Galegas entre as organizacións promotoras.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

A VENDIMA

2018 iniciouse este ano con retraso nas cinco denominacións de orixe galegas: Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras. Mentres, o Ministerio de Agricultura vén de autorizar a plantación de 37 hectáreas de viñedos en Galicia. Trátase dun sistema de reparto moi criticado polo sector, xa que obriga a realizar a plantación en varios anos e non se axusta á realidade de cada comunidade, prexudicando aquelas nas que predominan as explotacións minifundistas.

6

Coma cada setembro, comeza a época dos bos propósitos, como se apuntar nun **XIMNASIO**. Mais non todo vai ser a mellora da forma física. O Centro de Estudos Galegos de Heidelberg vén de crear unha aplicación para practicar e aprender os verbos (semi)irregulares do galego: Ximnasio dos Verbos. Podedes descargalo no voso móbil e practicar cos verbos con alternancia vocálica e os irregulares. Setembro, un bo mes para comezar a practicar coa lingua.

7

A Igrexa está presente nos **CÁRCERES**, prestando atención relixiosa e sacramental e acompañando os presos/as, máis de 50 000 no estado español. *A Igrexa que evangeliza no cárcere, signo de esperanza* é o lema da VI Xornada Interdiocesana de Pastoral Penitenciaria que se vai celebrar na Casa de exercicios de Santiago o sábado 6 de outubro. Malia a ser un dos países máis seguros do mundo, España presenta unha taxa de encarceramento un 32% superior á media europea.

8

A que fora presidenta de Chile, **MICHELLE BACHELET**, vén de asumir o cargo de Alta Comisionada das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, amosando a súa preocupación polo avance da extrema dereita en Europa e criticando as medidas adoptadas polo goberno italiano sobre inmigración. Nas recentes eleccións suecas, a socialdemocracia acadou os peores resultados da súa historia (28,4%), mentres a ultradereita se aproximou ao 20% dos votos e se converteu en chave para a formación do novo goberno.

Economía Prazas desertas en Educación

Líneas Salgado Iglesias e Pedro Pedrouzo Devesa



Case 2.000 prazas quedaron desertas nas recentes oposicións de profesorado en toda España e varios medios escritos cualificaron estes resultados como unha “escabechina”. Os comentarios repítense cada vez que quedan prazas sen cubrir en oposicións. E unha das explicacións máis habituais é a teoría conspiranoica que ve neses resultados a longa man do político que, na sombra, se congratula ao calcular todo o que se vai aforrar en salarios. Esta teoría non ten en conta que os funcionarios que son membros de tribunais, a diferenza doutros, gozan de total independencia, xa que a continuidade no seu traballo non depende das decisións que tomen no exercicio da súa profesión.

Realmente, é máis crible que a decisión dos tribunais se basee na constatación, triste pero real, de que moitos opositores teñen uns coñecementos

máis que insuficientes. Cremos que o éxito académico dunha sociedade dependía da súa capacidade para outorgar boas notas, no canto de centrármolos en analizar o calidade do coñecemento que transmitimos. Esiximos notas, non coñecemento. E creamos un novo ídolo académico: as notas. Un ídolo que desorienta o fin último de todo sistema educativo: dotar os seus estudantes de recursos duradeiros e eficaces para afrontar de forma autónoma a súa vida laboral e favorecer o seu desenvolvemento persoal.

Cando nas sesións de avaliación debatemos se debemos aprobar unha materia a un alumno que sacou un 2 de media, constatamos a renuncia ao coñecemento. Demostramos que o músculo académico pasou da escola ao cliente familia-alumno, que busca a mellor calidade (nota) ao menor

prezo (estudo). Non é un proceso democrático.

Apostamos por un sistema educativo inocente no que o fallo non é o alumno, senón o sistema. E no centro do sistema, o profesor. Esquecemos que o esforzo é irrenunciable. Traslado a presión do éxito académico ao profesorado, esquecemos que o puntal clave da educación non é o profesor, senón o alumno. Este último é o que ten que demostrar o seu interese en conseguir algo. Alumnado desinteresado por aprender non é culpa de profesores pouco motivadores. Porque hai un mínimo intransferible que debe asumir o alumno: o interese por aprender. Enganar o alumno facéndolle crer que estudar é entrar nunha inercia na que o aprobado é case grauíto só contribúe a ampliar a fenda salarial, que aumenta cada ano entre aqueles que coñecen ben o valor do seu expediente, e os que confían no seu don persoal para triunfar. E se o alumnado ten curiosidade, suple medios insuficientes, ratios elevadas, profesores pouco profesionais e despropósitos legislativos.

Non son as leis educativas, nin o consenso entre os partidos políticos o que garantirá o éxito educativo. É a fame de coñecemento dos nenos, dos mozos, dos universitarios e dos opositores a que capacita unha sociedade para ser máis libre. Non é un problema ideolóxico. É un problema ético sobre cal é a cerna do sistema educativo e levamos demasiados anos enganándonos.



O peto común Son d'aldea!

Josecho de la Torre

Que cousa xeitosa o *Son d'aldea*! Foi na primeira semana de setembro en Albá, parroquia de Palas de Rei, e achegáronse 600 persoas de moi diversos lugares, rurais e urbanos. *Son d'aldea* é un acontecemento inédito no deseño e na execución... Participan veciñas e veciños, actrices e actores máis coñecidos ou menos coñecidos, nenos e avós, autobuses doutra época ou músicos; son até un cento deles e fano estupendamente. Cunha idea manifesta de defensa do rural, os foguetiros desta festa deseñaron un atractivo programa que comezou o venres cunha xornada de reflexión sobre o rural: mesa redonda, monólogo de Soledad Felloza, cea de produtos da aldea e música para pechar o día. Xa o sábado foi o percorrido teatral e prato forte que se estende por corredoiras que percorren aldeas esquecidas, carballeiras e até un tramo de paseo nun vello autobús de Cuiña para rememorar. Nestes escenarios vólvese á realidade dos anos cincuenta a través de 8 obras de teatro e outras 8 transicións que outorgan unha visión de diversos oficios do rural galego, da emigración, dos namoramentos, da radio, da relación coas autoridades ou a relixiosidade da xente, por citar algúns. Este percorrido dunhas 4 horas percorre uns 7 km totais, o que dá conta da súa grandeza e do contaxio rural que amosa aos asistentes o *Son*



d'aldea! Rematada a mañá, ten lugar un xantar de aldea compartido con produtos elaborados por xente do rural. Foi baixo unha carballeira e cun ambiente moi familiar; con música e recoñecementos a persoas e colectivos. Alí estaban Luís de Arquexial ou os irmáns Fernando e Alfonso G. Penas, entre outros, que son os que durante o ano argallan cada nova edición. Hai que dicir que tamén había Irimegos e Charo fixo un emotivo convite aos presentes para que participasen na Romaxe do seguinte sábado, en Sobrado. Finalizou o día, como non, con música e tamén cun espectáculo de humor a cargo da xente de Chévere. Unha romaría tradicional no campo da festa de Albá, onde non faltaron os postos con produtos do rural e atractivos para os máis pequechos. Quen vai a *Son d'aldea* ben certo é que repite.

O CARRABOXO *por ROBE LOIS*



No silencio, o Berro seco

XLI Romaxe de Crentes Galegos

Lois Ferradás



O grupo de música e danza Maristela deu a benvinda coas súa música



A acollida, un petisco de queixo donado pola queixería O Brexero

O barullo da chegada

Aínda se sente o frescor da mañá e os romeiros e as romeiras van chegando á praza do mosteiro de Sobrado. É este o primeiro momento de maxia no que se combina a monumentalidade do recinto e os afectos e abrazos sentidos de vellos e novos amigos e amigas. Mentres a organización pon a punto todos os detalles, os veciños do lugar ofrecen a todas as persoas que van entrando na Vía Sacra pola Porta das Audiencias en sinal de acollida un petisco de queixo elaborado á maneira tradicional destas terras e o Grupo de música e danza Maristela quenta o ambiente con alboradas, pasarrúas e muiñeiras.

A celebración. O berro xusto e forte madura no silencio

E fómomos achegando. Guiados por Xabi, facemos mención de moitos dos lugares de procedencia de romeiros e romeiras: de Aguiño e de Castroverde, de Ferrol Terra e de Vigo, de Galegos e de Pontevedra, de Compostela e do Incio, de Brión e de Guitiriz, de Arzúa e de Portonovo, de Cambre e do Centro Penitenciario de Teixeiro, de Ourense e da Coruña, de Cambados e de Boimorto,...

Despois o frade (irmán) Silverio, coa imprescindible axuda da meiga Galicia, conta algo da historia deste lugar, do pobo e dos monxes, conmemorando

os tempos nos que Galicia intimou cos monxes e os monxes intimaron con Galicia, cando o silencio dos monxes combinaba ben cos berros de festa do pobo e cos berros de protesta contra tanto señorío que había por aquí; tamén dos tempos nos que, polos cartos e o poder, os monxes se divorciaron do pobo de Galicia. Despois de que se conta o milagre da recuperación da comunidade de monxes de Sobrado e de tantas iniciativas que alí agromaron ou foron acollidas durante os últimos 50 anos, a Romaxe pide a berros “que casen frade e meiga, nunha Galicia enteira!” E así chega un dos cumes desta 41 romaxe, cando Meiga, Frade e Pobo prometen coñecerse, falarse, amarse, criar e educar fillos e fillas, batallar contra o patriarcalismo, traballar, festexar..., morrer e resucitar en galego, coma a cousa máis natural do mundo.

*Coa forza da terra, da auga e do vento,
coa forza de Deus e do pobo...*

*Coa forza do Materno Espírito,
que todo o fai posible...*

*Si, si que o prometemos;
a fala que nos deron
é un precioso herdo,
que habemos de coidar
con forza, paz e esmero.*



O sol apertou durante a celebración e a xente buscou a sombra para seguila



Os Principais estreáronse como "orfeón da Romaxe"

Outro momento cimeiro da celebración foi o memorial de Xesús. A emoción deste momento exprésana ben os versos de Casaldáliga, recitados pola asemblea:

*As miñas mans, esas mans, as túas mans
facemos este xesto, compartida
a mesa e o destino, coma irmáns.*

As vidas na túa morte e na túa vida.

Rematamos co berro colectivo, acompañado, forte, seco. Desta volta foron tres berros, tres denuncias de situacións de inxustiza, tres anuncios, desexos e compromisos. O primeiro, pola humanización da vida nos cárceres; o segundo, pola acollida das persoas refuxiadas e inmigrantes; o terceiro, pola loita contra o maltrato e violencia sobre as mulleres e pola igualdade de dereitos. Abaixámonos, pés e mans tocando firmes na terra, collemos folgos e xuntos lanzamos o berro, erguendo as mans ben alto, cara ao ceo.

O ramo, o símbolo da entrega do encargo, un agasallo con produtos da horta e doce de leite de Sobrado, foi entregado por Sara e Carlos e recollido por Nieves Espiñeira e Manolo Regal, que nos acollerán o próximo ano o 14 de setembro en Vilalba.

O maior logro da Romaxe de Irimia non é só a unión de fe e galeguidade, senón a integración de oración e festa, mística e loita, denuncia e anuncio

Xantar compartido

O reloxo da torre de Sobrado dá as 2 da tarde. É o momento de repoñer forzas e compartir as viandas. Osromeiros e romeiras vanse acomodando buscando o frescor das sombras ben na mesma praza, ben no xardín da hospedería do convento, pois chega outro momento de profundo significado. Comer e beber non é un acto calquera; é un momento íntimo, é nutrirse, é incorporar ao noso ser substancias valiosas. Pero é tamén un momento de compartir, de ofrecer, de recibir, de falar, de escoitar, de aledarse xuntos.

Algún grupos familiares ou de amigos compartiron o seu xantar con un ou dous dos internos do cárcere de



Momento da entrega do ramo que nos levará a Vilalba no 2019



Hora do xantar e de compartir

Teixeiro que asistiron á romaxe. De primeiras é este un xesto xeneroso por parte de quen acolle, que debe ser recoñecido e agradecido; pero nisto, coma en moitos outros momentos da vida, o que recibe tamén dá, o que é acollido tamén acolle; así de preto, é descuberto como ser humano próximo, igual, dos nosos.

Hai outro xesto no momento do xantar especialmente entrañable. Algunhas persoas no momento das sobremesas achéganse aos grupos próximos ofrecendo un doce, unha froita ou un anaco de melón. Tamén hai quen se aproxima para pedir un sorbo de café, co pretexto de que o esqueceu. Estes xestos, os saúdos agarimosos e as conversas tranquilas

No silencio, o Berro seco

XLI Romaxe de Crentes Galegos

Lois Ferradás



Francisco Almuíña cos seus cantares de cego na festa da tarde



Momento da oración da tardiña, broche de ouro para esta Romaxe

destes intres, que simplemente confirman que un ano máis seguimos por aquí, axudan a manter e a facer máis fortes os vínculos que fan dos e das participantes na romaxe unha especie de gran familia.

Festa na vía sacra

Sobre as catro da tarde, recóllense as cestas dos xantares e o palco desde o que pola mañá se animou a celebración convértese agora en escenario no que se ofrecen novos agasallos musicais; estes son as actuacións de música e baile tradicional de Galicia a cargo dos grupos Aresán e A Maristela, os cantares de cego de Francisco Almuíña con apoio de carteis debuxados ao modo tradicional e a actuación estelar da cantautora Bea de Estrella.

Oración da tardiña

Algunhas persoas, especialmente as de máis lonxe, xa se foron indo; pero moitas outras xuntámonos, ateigando a nave central da igrexa conventual, a igrexa maior de Sobrado para facer a procesión dos símbolos (cirio, sal e Biblia) e orar xuntos á tardiña. As mesmas que pola mañá se ensarillaban bailando a Rumboia, acougan agora serenamente, escoitando a lectura do evanxeo (Mt 5, 13-16), acoñéndoa e cantando

Mira, meu Deus, aquí estou para quere, estas mans, estas mans para servirte, en quen máis precise delas.

Esta oración remata cunha fermosa bendición impartida polo padre prior do mosteiro (publicarase no vindeiro número da revista).

A romaxe expresa implicación con realidades que abren os ollos e os corazóns

Uns comentarios

Esta pequena crónica pretende, sobre todo, informar aos que non puideron participar na XLI Romaxe do máis salientable do que alí aconteceu e axudar a mantela na memoria de irimegos e irimegas. Con todo, o cronista atreveuse a facer uns breves comentarios valorativos. Ao longo de todos estes anos, a Romaxe foi construíndo un modelo ou esquema moi potente e seguro, que axuda a manter un estilo e, ao mesmo tempo, incorporar novidades. Seguramente o maior logro da Romaxe de Irimia non é só a unión

de fe e galeguidade, senón a integración de oración e festa, mística e loita, denuncia e anuncio. De todo isto a celebración deste ano é un exemplo, non unha excepción. Todos os comentarios que se escoitaron foron de satisfacción.

Ao tempo, a romaxe, do mesmo xeito que outras actividades de Irimia, expresa implicación con realidades que na actualidade reclaman o noso compromiso activo. Ás veces son pequenos xestos que abren os ollos e os corazóns.

Deixádeme rematar con algo novo, ocasional, pero que pode ter o seu aquel. Había que resolver o asunto das cancións da celebración, pois as persoas habituais non podían facelo. Alguén lanza a idea de armar un “orfeón da Romaxe”; a idea prende, convidase a xente, anímase a participación e aparecen fermosas voces e hábiles instrumentistas; onde parecía que non había, aparece competencia e experiencia de grupo. Chamarse “Os principais” é unha broma do Trasno, que chama máis pola autoestima que polo clasismo, porque, por máis que foron moitos os parabéns que recibiron, necesitan mellorar.

Xente d'eiquí Isolina Vizoso, unha historia de superación

Ignacio Fernández



Damos continuidade á nosa serie de vidas que sen moito ruído fan país, historias de persoas que constrúen ese corpo colectivo e ben característico que chamamos Galicia. A de Isolina Vizoso é unha desas historias de superación e reencontros da Galicia emigrante. Unha de tantas. Pero ben ilustrativa, como queda acreditado nesta pequena conversa na que fala da súa peripecia desde un orfanato franquista a un doutoramento sobre Ánxel Fole nos Estados Unidos

Sítúanos na túa infancia...

O meu pai morreu fusilado en tempo da guerra civil por prestar axuda aos republicanos. A miña nai morreu soñña, aos 26 anos, eu tería algo máis de catro. Coa morte da miña nai, os meus avós anciáns, o meu irmán con tres anos e eu con cinco e medio, acabamos nun orfanato, na casa berce de Ferrol. O orfanato foi un episodio da miña vida, un episodio que durou doce anos. Soidade e abandono. Alí sentín sobre todo a necesidade de acceder á educación, pero non se me ofreceu a oportunidade.

O orfanato foi un episodio de soidade e abandono que durou doce anos

Cando deixei o orfanato aos 18 anos entrei a traballar nunha fábrica de xoguetes e o dono sentiu mágoa, porque non tiña estudos e suxeríume traballar polas mañás e ir a Ferrol a facer un ano de secretariado nas tardes, coa promesa de gardarme o traballo.

Que recordos tes da túa primeira estancia en EEUU, a túa vida matrimonial, os teus fillos?

Un día escribíume o meu tío, invitándome a visitalo en New York. Logo de pensalo, decidín ir coñecer a familia da miña nai. Alí quedei un tempo, casei e marchei vivir co meu marido a Porto Rico. O meu matrimonio foi unha experiencia brutal, sete anos de violencia e cinco fillos. O meu marido morreu moi novo, aos 35 anos. Os meus fillos ían a un colexio privado: da súa educación ía depender a súa vida e tamén a súa estima. A Social Security daba para comer e pouco máis e durante catro anos en Porto Rico, traballaba interminables horas, ata ás tres da mañá, para erguerme ás seis, arranxalos, facerlles o almorzo e levalos ao colexio.

E vén o retorno: Os gozos e as sombras

Os meus fillos precisaban atención crecente. Cada día con máis e máis tarefas escolares. Viviamos nunha urbanización e todo era andar no coche a buscar materiais. Ir levalos, ir buscalos, demasiado esforzo e tempo. A familia aconselloume que volvесе a Galicia. Cando se soubo que quería retornar, un grupo -esposas de altos cargos- viñeron pedirme que non me fose para España. Os meus fillos eran non só brancos, senón louros con ollos

Xente d'eiquí Isolina Vizoso, unha historia de superación

Ignacio Fernández



claros, algo moi valioso nunha sociedade onde o racismo é lamentablemente cruel. Prometéronme conseguirme bolsas para toda a educación dos meus fillos pero eu xa tomara unha decisión. Vendín a casa e con ese diñeiro comprei aquí un apartamento. Volvín para que os meus fillos tivesen unha mellor vida e acceso á educación. Dous deles quedaron internos nos Salesianos. Tiven que loitar non pouco para sacalos adiante. Era un momento de crise económica e de inquietude política. Logo de vivir dez anos no estranxeiro o país para min era totalmente alleo, non tiña conciencia política desta realidade. Coa Social Security de Estados Unidos en dólares -que en porto Rico apenas daba para comer- na Coruña podía vivir sen traballar e iso permitíame ter máis tempo para atender os nenos e ter diñeiro para os colexios.

E soa con cinco fillos, comezaches a estudar...

Tiña 34 anos. As dúas nenas, non sen dificultades, foron ao colexio dos xesuítas. A educación dos meus fillos fora o motivo do retorno e iso non se negociaba. O máis pequeno tiña catro anos e púxeno nunha gardería de párvulos que había no bloque da miña casa porque eu xa quería empezar a estudar. Metínme nunha academia para preparar o exame de EXB. Déronme un libro que tiña información sobre cultura xeral -ciencias e humanidades. Impresionoume todo aquilo, a parte de filosofía sobre todo, os comentarios sobre Sócrates e Platón... Era un gran descubrimento e pareceume xenial; eu estaba súper entusiasmada porque esperara moitos anos para superar a miña terrible ignorancia: e pasei o exame de EXB! Foi todo un triunfo! O primeiro capítulo superado para realizar un soño que nacera cando era pícara, cando subida a unha escaleira dos obreiros vía pasar outras nenas para o colexio; e ese soño seguiu sempre vivo, ali-

A miña vida estivo sempre baseada na procura

mentado pola esperanza. Despois do exame, asistín á Escola de Mestría para facer FP1 e FP2, para poder traballar como Auxiliar de Clínica. **E de novo aos EEUU. Desta volta con outras metas...**

Volvín a Estados Unidos en 1984 e foi unha decisión acertada, pois foi neste país onde finalmente descubrín o que sempre quixen atopar. A miña vida estivo sempre baseada na procura. Estados Unidos, non che regala nada, porque neste país hai un gran respecto polo esforzo, pero se tes un soño e estás disposto a traballar por el, abrir as portas e cruzalas é a túa responsabilidade.

En 1983, tres dos meus fillos terminaran o bacharelato e viñéronse a estudar ás universidades de Estados Unidos. Eles eran cidadáns americanos, tiñan dereitos para educarse. Cando o meu fillo maior terminou o bacharelato en España foi a Nova York. Logo de estudar química orgánica no Brooklyn College, á vez que traballaba a xornada completa nun hospital, foi admitido na Escola de Medicina da Universidade de Harvard, na que se graduou.

Atoparías moitas dificultades...

Nos EUA, tiven que enfrontarme ao primeiro obstáculo, abrimme camiño sen saber o idioma. Fixera un trato coas fillas; eu víñame coa condición de poder ir á escola e aprender ben inglés. Elas traballarían e eu ía ir á escola, aínda que eu pronto empecei a ensinar español nas escolas Berlitz en Wall Street, por pouco tempo. Había que resolver tamén outro problema, o meu fillo máis pequeno empezaba HS (bacharelato), necesitabamos

atopar unha escola para el. Buscando e preguntando decatámonos de que en Manhattan había un colexio de xesuítas, Xavier HS, e alí fomos, coa sorte de que o administrador era un portorriqueño que vivira varios anos en Galicia, formándose na cidade dos Muchachos do Padre Silva. Tivemos que negociar o prezo da matrícula, pois a súa totalidade non a podíamos pagar. O administrador acordou que o meu fillo traballase na súa oficina dúas horas polas tardes e con iso reducíase a matrícula á metade. En 1992, logo de graduarme con honores no departamento de historia de Brooklyn College, déronme unha bolsa para facer un Master en ESL na Universidade de NYU.

Como foi que te metiches a facer un doutoramento?

O caso é que logo de facer un mestrado en literatura, sentínme que non era suficiente o coñecemento que adquirira, algo non estaba completo. Enviei a solicitude ao Graduate Center en Nova York, e tiven a fortuna de ser admitida; finalmente sinto que completei algo e saín emocionalmente fortalecida. Lin a miña tese de doutoramento o 14 de abril de 2016, e a conseguinte graduación no Lincoln Centre o tres de xuño do mesmo ano. A dor de non ter escola de nena coa que vivín tantos anos xa non importaba. Ao ler a miña tese, esquecín aquela superiora do orfanato que descoudara a miña educación e me condenara a tantas humillacións.

A través de Ánxel Fole espertei a unha Galicia que eu descoñecía

Por que elixiches a figura de Fole para a tese?

O proxecto chegou a través da procura sen eu ser consciente diso. Eu mesma estou sorprendida do final porque sen propoñermo descubrí a miña propia historia. Elixín un escritor a cegas, entre outros moitos que tampouco coñecía e, sorprendentemente, foi o autor que necesitaba, el foi o fío que me levou a pechar o meu ciclo.

Fole fora un neno privilexiado, fillo dun maxistrado e poderíase dicir que os seus primeiros xoguetes foran os libros cos que se decoraban as paredes da casa paterna. De feito, cando xogaba con outros nenos xa se entretiña montando pequenas obras de teatro. Por se o privilexio de ter un

pai profesional e intelectual fose pouco, vivía con eles un tío que logo de viaxar o mundo e retirarse, -non tendo moitas responsabilidades- entretívose ensinándolle a ler ao neno, que aprendeu case ao mesmo tempo que a falar. Engadido a todo isto, era o pequeno da familia, querido por eles e consentido polo persoal de servizo da casa, dos que escoitou a lingua e a cultura galegas, as súas crenzas e lendas, xente humilde da montaña de Lugo, receptores de tradicións, que pasarán máis tarde a formar parte da

e a ditadura de Franco. Máis tarde pensei: por que non un escritor desa época, pero máis próximo a min, un escritor galego. Galicia ten personalidade de seu. Así elixín a Ánxel Fole.

Sentínme atraída pola súa narrativa. Oscila entre un gran sentido do humor e unha elegante sensibilidade cara aos seus personaxes, capaz de facer arte captando a dureza e o atraso do campo galego e penetrar na grandeza das súas almas. É esta alma a que Fole deixou reflectida nos seus



familia de crenzas e personaxes que aparecen nos seus contos fantásticos. Non coñecía este escritor do mesmo xeito que tampouco coñecía a outros intelectuais. Eu tiña un baleiro, un descoñecemento total da miña historia. Por anos estivenme preguntando, por que morrera o meu pai e a miña nai. Descoñecía as verdadeiras causas polas que acabamos nun orfanato. Necesitaba atopar unha coherencia para todo isto. En principio pensei que debería elixir a un escritor español que vivise nesta época (1936-1975), da guerra civil

relatos, esoutro mundo espiritual que personifica a alma das súas xentes, das súas crenzas e das súas lendas. Personaxes que desfilan polas escrituras de Fole, un autor que coñece as fontes do medo deses personaxes.

E todo se foi conectando. A través de Ánxel Fole espertei a unha Galicia que eu descoñecía.

De novo o regreso entre nós. Como vives a túa realidade actual?

Sempre quixen escribir un libro sobre a miña experiencia crecendo baixo a ditadura franquista no orfanato e é o que fago neste momento.

O noso taboleiro

Curso 2018-19: **Xesús Hoxe.**

Matrícula: 40 € (con posibilidade de becas)

Data límite: 15 de outubro. Conta: ES22 2080 0378 5130 4000 6097

Xantar: pódese xantar no Paz Nogueira por 10€

Gardería: Haberá ese servizo se hai demanda suficiente.

Secretaría: Mari Carme Turnes Negreira

turnesnegreira@gmail.com

981 59 11 18 - Avda Vilagarcía 13, 2ºE.- 15706 Santiago de Compostela

5 sábados para pensar e vivir
XESÚS HOXE

10/XI A investigación actual sobre Xesús
15/XII Un Xesús plenamente humano
26/I Xesús revela o que somos nós
9/III A resurrección de Xesús e a nosa resurrección
11/V Que significa "Xesús é Deus"

De 10 a 14h e de 16 a 19h.
 Lugar: Proxecto home. Rúa Cotoengo 2, Santiago

ESCOLA DE ESPIRITUALIDADE
<http://escoladeespiritualidade.blogspot.com/>

IRIMIA

O señor cura non baila...

Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Merol), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>

Boa Nova



Quen é o máis importante?

Hoxe atopámonos cun fragmento do relato de Marcos do camiño que levará a Xesús a Xerusalén. O mestre, neste momento da súa vida, ten claro que as forzas que se opoñen á proposta salvadora de Deus son moi fortes e non van arredar. El sabe que a súa vida comeza a estar en perigo pero non vai a claudicar no seu empeño de ofrecer o amor e a xustiza bondadosa de Deus os/as pequenos/as desta terra.

Os sinópticos expresan esta conciencia de Xesús a través dos anuncios da paixón. Non era que o mestre predixese o futuro, senón que era realista nas consecuencias das súas opcións.

Ante esta situación vaise implicar con intensidade na formación da súa comunidade, xa para fortalecer as súas certezas e opcións, xa para que no caso de el faltar puidesen seguir adiante comprometidos/as coa causa do Reino.

Neste relato Xesús ten que afrontar as humanas pretensións de poder e honra. Unha vez máis o mestre dálle a volta ás expectativas dos seus, e proponlles como criterio de grandeza o servizo e de honra o coidado dos pequenos/as.

Nos tempos de Xesús as nenas e nenos non tiñan tanta visibilidade e protagonismo coma nos nosos. As/os cativos/os eran os membros máis febles da sociedade. Non era doado medrar nun mundo continuamente ameazado de fame, guerra, abusos... Por iso, acoller un meniño/a era un xesto totalmente gratuíto, pois non tiñan nada ofrecer de volta.

Deste xeito, o mestre pon o servizo e a gratuidade nun lugar central nas relacións dentro da comunidade. O importante non é a cantidade, senón a calidade.

Carme Soto

DOMINGO 23 de setembro. XXV do Tempo Ordinario

A PALABRA Mc 9, 30-37

Naquel tempo, Xesús e os seus discípulos marcharon da montaña, atravesando a Galilea sen enredar nela, porque non quería que o soubese ninguén; pois ía informando os discípulos, dicíndolles: «O Fillo do Home vano entregar nas mans dos homes, que o matarán; mais, despois de morto, pasados tres días, ha resucitar.» Eles non entendían o que lles dicía, mais non se atrevían a preguntarllo.

Chegaron a Cafarnaún, e, cando estaban na casa, preguntoulles: «De que viñades discutindo polo camiño?» Eles calaron, porque no camiño discutiran entre si sobre quen era o máis importante. Xesús sentou, chamou polos Doce e díxolles: «O que queira ser o primeiro, que sexa o derradeiro e o servidor de todos.» E, collendo un neno, púxoo no medio deles e abrazándoo, dixo: «Quen acolle a un destes nenos no meu nome, acólleme a min; e quen me acolle a min, non é a min a quen acolle, senón a Aquel que me mandou.»

Ultimamente se sumamos as palabras nenos e Igrexa sae como resultado pederastia.

E non so é cuestión de sexualidade insatisfeita (celibato obrigatorio), senón de poder. A palabra dun neno/a ou dunha muller non valen o mesmo ca a dun home, adulto e crego. E se ademais non actúa en solitario, senón que conta coa convivencia dos seus superiores, que agochan os feitos polo ben da institución, que non das persoas, xa temos un auténtico crime colectivo.

Sempre poderemos buscar explicacións pero non hai nada que o xustifique. E a solución pasa por cadea para os delincuentes, sexan unha manda ou leven sotana, fin do celibato obrigatorio e abaixar a pirámide eclesial ata convertela nun círculo comunitario, no que se reparten as tarefas, as cargas -que non cargos. O importante é o servizo e as persoas, sen diferenciar por xénero, idade, orientación, levar gafas ou ter pencas.

Olga Álvarez

A CLAVE

A PALABRA

O ECO

Falando da lingua E ti de onde vés sendo?

Lidia e Valentina



Coma case todos os anos, despois da Romaxe, gústanos comentar convosco a fala do lugar no que se celebra o noso encontro anual. Este ano foi en Sobrado dos Monxes, que desde o punto de vista dialectal, entra no bloque central. Este tema dos bloques évos moi interesante, pois trátase dunha división que se fai entre as persoas falantes de galego segundo fagan o plural das palabras rematadas en -n. Si, si... É toda a franxa central, e fano diferente a como se fai no bloque occidental e mais no oriental. Se na

zona da costa atlántica dicimos “xamóns”, no bloque central din “xamós” e “pantalós” e “razós”... e alá na zona máis oriental das provincias de Lugo e Ourense, así coma en todo o galego exterior (o que se fala en Asturias, León e Zamora), din “xamois”. Évos pois a formación do plural das palabras rematadas en -n a que marca a diferenza principal, o único trazo común, si, o único, aínda que logo haxa coincidencias nas falas das diferentes áreas, pero que distinga bloques, este. O territorio que ocupa o chamado

bloque central é maior ca os outros e, mesmo sen estar moi poboado, aínda que non pertenzades a el, seguro que non vos resulta estraño oír falar de “xamós”.

Tampouco vos estrañaría oír dicir “verao”, “mao” ou “irmao”, terminación empregada tamén en toda a zona oriental e no galego exterior. A dialectoloxía non entende de provincias e nin sequera de concellos. Fálase de determinado xeito ata tal sitio e desde alí xa se di doutra maneira. Calquera persoa que sexa algo observadora sabe que as persoas que din “sinco” ou “sapato” non son de Sobrado nin arredores, porque o seseo total é propio da costa atlántica; pero... se din “des”? En Sobrado, que lle escoitastes máis á xente da organización: lus ou luz? Mazán ou mazá? E aos que ían de Melide, Boimorto ou Curtis? E oísteslles dicir “nosoutros” coma ás xentes de Mondoñedo, de Ferrol ou da Mariña? Ou dicían “nós”?

E poderíamos seguir, mais este espazo só nos dá para facervos unha última pregunta: serían de Sobrado ou non aquelas que falaban con gheada?

O Fachineiro da xustiza

Todos son gastos

A volta ao traballo despois do verán sempre se fai un pouco costa arriba, pero ademais xúntase o feito de que hai que afrontar gastos que fan tremer as economías domésticas coma a vara verde. Este outono o fachineiro decidiu facer apartados: isto para roupa, isto para libros, isto para o xuíz Llarena... Este último é un gasto imprevisto, pero douno por ben empregado. Ese medio millón de euros que imos pagar ao bufete para que o defenda pouco me parece tendo que conta que foi o presidente *in pectore* de *Ehpaña* durante os últimos tempos. Ademais, así pode aforrar o que



lle pagou o concesionario de BMW onde pronunciou as palabras polas que Puigdemont lle quere meter o dedo no ollo. Que haxa políticos en prisión preventiva dende hai un ano que deberían estar na casa agardando o xuízo, que vexa golpes de Estado coma o neno do Sexto Sentido vía mortos, que se fale de rebelión ou sedición cando a única violencia foi a das fuerzas y cuerpos é pataca miúda como diría Caneda. Pero cando se condene o Estado por ver delitos que só se ven dos Pireneos para aquí, xa lle botaremos terra de toupas. Ademais, mentres estea entretido con iso non se fixa nesta revista, non vaia ser o demo.

A.Q.